



NORMAS DE FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN DA AULA LÚDICA NO VERÁN 2021

FUNCIONAMENTO:

- 1.- Para a utilización da Aula Lúdica é requisito imprescindible o empadramento das persoas usuarias no Concello da Laracha, aínda que excepcionalmente e durante o Verán co obxectivo de favorecer o Plan de conciliación da vida persoal, familiar e laboral dos seus empregados poderán participar as fillas e fillos das/os empregadas/os do concello da Laracha que teñan dificultades de conciliación.
- 2.- A Aula Lúdica está destinada as nenas e nenos de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. O lugar de realización serán as instalacións do CEIP Otero Pedrayo.
- 3.- O período de verán abarca do 23 de xuño ata o inicio do curso escolar 2021/2022
- 4.- O servizo prestarase de luns a venres, agás festivos, co seguinte horario de atención:

Verán	De 9:00 a 14:00 h.
-------	--------------------

5.- A solicitude de inscrición para o acceso ao servizo realizarase no Rexistro Xeral ou Sede Electrónica do Concello da Laracha, no modelo normalizado que existe para tal fin, xunto coa documentación esixida e que figura na solicitude.

5.- Para o acceso á **Aula Lúdica no verán** ábrese un prazo específico de inscrición para a solicitude de praza que está aberto **ata o 14 de xuño, ambos incluídos**. Unha vez rematado o prazo de inscrición realizarase unha baremación segundo os criterios fixados no punto 6. Finalizado este prazo de inscrición, poderán presentarse solicitudes con posterioridade, tendo en conta que, no suposto de que o grupo xa contara co máximo de alumnas/os, a/o solicitante sería incluída/o na lista de espera.

6.- Debido á situación xerada polo estado de alarma sanitaria como consecuencia do COVID 19, e para a protección das/os menores e monitorado participante faise necesario acotar o número de usuarias/os para o acceso a Aula Lúdica de Verán, motivo polo cal, os **criterios de valoración** para o acceso a mesma serán exclusivamente as necesidades de conciliación obxectivamente demostradas: xornada laboral dos proxenitores e non dispoñer de redes de apoio familiar e social para o coidado das súas fillas e fillos.

7.- Existen tres modalidades de solicitude: **1. Todos os días**, **2. Días soltos**, e **3. Utilización do servizo ocasionalmente**. En todas as modalidades existe a opción de utilizar o servizo en horario completo ou en horario reducido.

8.- A utilización do servizo ocasionalmente refírese á utilización do mesmo de xeito esporádico e puntual. Os usos ocasionais están condicionados ao número de prazas dispoñibles nese momento.

9.- A alta, baixa ou modificación da modalidade de utilización do servizo deberá ser notificada por escrito ao Concello da Laracha.

10.- O proxecto Aula Lúdica comprende os seguintes servizos:

- a) Servizo de acollida e vixilancia das/os participantes.
- b) Realización de actividades.

11.- Serán causa de extinción do servizo e baixa no mesmo as seguintes:

- a) Incumprimento dos requisitos establecidos.
- b) Incumprimento das normas de convivencia establecidas.
- c) Por solicitude da/o nai/pai ou representantes legais.
- d) A comprobación de falsidade na documentación achegada.
- e) A falta de asistencia durante 15 días sen causa xustificada.

12.- As familias deberán cumprir estritamente todas as condicións e medidas que se lles indiquen como forma de protección da saúde de todas as persoas participantes. É obrigatorio que as/os menores leven a súa propia máscara.

ORGANIZACIÓN:

1.- Valorarase individualmente a posibilidade de participación na Aula Lúdica. Non se permitirá a participación de persoas que pertencen a grupos de risco ou que convivan con grupos de risco.

2.- Antes do inicio do servizo é obrigatoria a presentación dunha declaración responsable que reflicta que a/o nena/o durante os 14 días previos á entrada na Aula Lúdica non ten sufrido febre, tose, cansazo, malestar xeral e que non ten estado en contacto con outra persoa con dita sintomatoloxía, así como que non pertence a un grupo de risco nin convive con persoa de risco

3.- Reforzaranse as medidas de hixienización no lugar onde se realicen as actividades.

4.- Organizaranse grupos reducidos con cada monitora ou monitor, co obxectivo de cumprir a normativa de seguridade. O número máximo de prazas dispoñibles é de **60** nenas e nenos



CONCELLO
DA LARACHA

5.- Estes grupos estarán constituídos preferentemente sempre polas mesmas persoas para reducir posibilidades de contaxios.

6.- As familias deberán estar localizadas e en disposición de recoller á persoa participante de forma inmediata no caso de que así se requira polo monitorado da Aula Lúdica.

7.- O concello da Laracha resérvase o dereito á reorganización, adaptacións e/ou suspensión do servizo se a situación sanitaria así o require

A Laracha, 4 de maio de 2021